

A LITERATURA NA II REPÚBLICA

Miguel Anxo Mato Fondo

Unha iniciativa de



co apoio de



Ao falar da literatura galega nos tempos da II República, debemos facer referencia, de xeito flexible, a un período de vinte anos (1916-1936), o comprendido entre a aparición das Irmandades da Fala e a Guerra Civil.

Isto significa superar os lindes cronolóxicos da II República, pero as liñas dominantes da literatura nos anos 1931 ao 1936, son unha rica continuación das propostas temáticas e estéticas dos anos vinte. Aínda así, neses cinco anos publicáronse moi interesantes obras en poesía, narrativa, ensaio ou teatro, tanto os autores da Xeración Nós, cunha parte da súa obra xa publicada (Otero Pedrayo, Castelao e Vicente Risco, como novos autores do movemento renovador das letras galegas en relación coas vangardas europeas: Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste ou Eduardo Blanco Amor.

Estamos, pois, ante unha época brillante, entre outros aspectos, polos proxectos e empresas culturais levados a cabo nos eidos da creación artística e literaria, no ensaio, no mundo editorial, e mesmo na propia renovación do concepto de cultura galega, superando as liñas aínda dominantes desde o século XIX.

A situación política daquel momento está determinada, na Galiza, para alén da instauración da II República en abril de 1931, pola aparición do Partido Galeguista e o referendo polo Estatuto de Autonomía.

Despois da fractura das Irmandades da Fala en 1922, en Galiza semellaba difícil a aparición e consolidación dun movemento político nacionalista, mais o novo marco constitucional permitiu un grao de participación social e política máis amplo que fixo posible a constitución en 1931 do Partido Galeguista, cuns presupostos ideolóxicos nos que convivían trazos de carácter idealista da etapa cultural anterior -como a consideración da nación como un fenómeno natural, ou a dualidade cidade/mundo rural- a carón doutros máis progresistas, como o concepto de autodeterminación.

A renovación cultural estará marcada pola aparición das Irmandades da Fala en 1916 e do Seminario de Estudos Galegos en 1923, que dirixirán os camiños da cultura galega nestes tempos inmediatamente anteriores á Segunda República. Estas institucións serán acompañadas polo grupo de escritores da revista *Nós* -Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Florentino Cuevillas, Losada Diéguez-, que van renovar toda a cultura da súa época, as artes plásticas, e a literatura, especialmente a prosa, creando a narrativa moderna.

A situación literaria vén determinada por un amplo sentido de renovación en todos os xéneros literarios, coa a aparición de escritores e

poetas novos cun grande talento literario e a continuidade de escritores un pouco anteriores.

A aparición de editoriais como *Céltiga*, *Lar* e *Nós* propiciou a publicación de novas obras e foi creando un público lector, inexistente até aquel momento mais imprescindible para garantir a consolidación de empresas editoras.

A renovación da narrativa chega da man dos autores do Grupo Nós, Otero Pedrayo, Vicente Risco e A. D. Rodríguez Castelao. Van publicar a maior parte da súa obra nos anos vinte, mais na primeira metade dos anos trinta deixarán un conxunto de obras que destacan pola súa calidade estética e a innovación temática.

A narrativa de Otero Pedrayo destes anos mostra unha tendencia cultural marcada pola preocupación europeísta, algo común á súa propia xeración, e que está presente especialmente en *Arredor de si* (1930) e *Fra Verno* (1934). Son novelas de carácter ensaístico que pretenden interpretar momentos esenciais da cultura occidental desde a referencia histórica da Galiza. Así, aparecen a Idade Media (*A romeiría de Xelmírez*), que narra a viaxe do arcebispo a Roma), o Romantismo (*Fra Verno*), un percorrido cultural pola Europa de fins do XVIII e comezos do XIX) e a época contemporánea do autor, as primeiras décadas do XX nunha obra, *Arredor de si*, que explica tamén a propia evolución intelectual e estética do Grupo Nós. En 1935 publica *Devalar*, inspirada nun cadro de Castelao, unha panorámica da Galiza dos tempos do Seminario de Estudos Galegos.

Uns anos antes, Vicente Risco (1884-1963) publicara *O porco de pé* (1928) unha sátira antiburguesa, formalmente innovadora e paródica, que satiriza o mundo burgués das cidades galegas daquel tempo, simbolizado pola ascensión social do personaxe de Don Celidonio, propiciada por un medio inculto e envilecido. Xa en 1934, Risco publica *Mitteleuropa*, un diario da viaxe a Centroeuropa do seu autor no que, a carón de reflexións sobre arte, aparece tamén unha visión irónica sobre a deshumanización das cidades.

Castelao (1886-1950) contribuirá á narrativa dos anos trinta con dúas obras, *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934). *Retrincos* é unha colección de cinco relatos de carácter autobiográfico inspirados no mundo da infancia, no da emigración na Arxentina e no da madurez, na cidade de Pontevedra. Coa debida distancia, semella que estes relatos son continuadores no tratamento emotivo e dramático de motivos humanos, das obras anteriores, *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922) e, acaso con máis propiedade, *Cousas* (1926).

Polo que respecta aos narradores máis novos, moitos deles van ver coutada a súa traxectoria debido á Guerra Civil. Por outra banda, son continuadores dos camiños inaugurados polo Grupo Nós e das súas propostas temáticas e estéticas. O narrador máis importante foi, desde logo, Rafael Dieste (1899-1981), que en 1926 publica *Os arquivos do trasno*, unha colección de relatos que supuxo un momento importante ao mesturar a tradición literaria popular coas modernas innovacións da narrativa moderna. Subtitulada *Contos da montaña e do mar*, no seu prólogo expón Dieste a súa visión da escrita do conto, destacando a técnica como síntese do popular e do culto coa implicación do lector, a estilización do popular, as rupturas do plano temporal e o remate aberto do relato.

A renovación poética das décadas vinte e trinta, fronte a un poeta como Ramón Cabanillas, dunha xeración anterior e que na década dos vinte vai publicar dous importantes libros, *Na Noite Estrelecida* (1925) e *A rosa de cen follas* (1927), suporá desprenderse das estéticas anteriores, inspiradas no herdo dos poetas do Rexurdimento, na tradición popular e na mitoloxía céltico-atlántica que, inaugurada por Eduardo Pondal, vai acadar novos argumentos baixo as liñas teóricas de Vicente Risco. Por isto deberá procurar novos vieiros nas vangardas que chegan a través de revistas como *Alfar* (1920), *Ronsel* (1924), *Cristal* (Pontevedra, 1932), *Papel de Color* (1933), ou manifestos como *¡Máis Alá!* (1922). As liñas renovadoras seguidas polos novos poetas serán, máis avanzadas unhas ou con raíces na tradición poética outra, o neotrobadorismo, o hilozoísmo, o creacionismo e o surrealismo.

O Neotrobadorismo aparece como influxo da poesía medieval que se popularizara desde a edición das *Cantigas de Amor* de Jose Joaquim Nunes, en 1928. Máis que vangarda, é unha tendencia culturalista renovadora da linguaxe literaria, que imita e actualiza a forma e os temas das cantigas. Entre os seus cultivadores destacaríamos a Johán Vicente Viqueira (1886-1924), Fermín Bouza Brey (1901-1973) e Álvaro Cunqueiro (1911-1981).

O Hilozoísmo é unha tendencia de carácter impresionista que parte da contemplación estética da realidade. Tivo o seu máximo representante en Luís Amado Carballo (1901-1927) e continúa a tradición da poesía paisaxística, estilizándoa e modernizándoa.

O Creacionismo e o Surrealismo son tendencias máis avanzadas. Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor (1897-1979) e, sobre todo, Manuel Antonio (1900-1930), son os máis coñecidos representantes. Cunqueiro publica dous libros, *Mar ao norde* (1932) e *Poemas do si e do*

non (1933) cun discurso que vai do abstraccionismo e cubismo do primeiro ao caligramático do segundo.

Acaso o poeta máis recoñecido da renovación galega, e un dos cumios da poesía galega de todos os tempos, sexa Manuel Antonio. Nos dous manifestos que asinou, “¡Máis Alá!” (1921) e “Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribeu” (1924) aparecía unha actitude pouco frecuente na cultura galega: iconoclasta, irreverente, provocadora, que renunciaba á tradición e mesmo ironizaba con ela. O seu libro *De Catro a Catro* (1928) é xa unha proposta estética radical nas letras galegas, onde aparece unha paisaxe que é pura abstracción, á vez que recolle un dos temas máis significativos da literatura europea desde o Romanticismo, e que nos remite aos textos da antigüidade clásica: a viaxe marítima como símbolo de procura iniciática e aventura existencial.

As Irmandades da Fala defenderan o teatro como un medio de difusión cultural, de educación e defensa do idioma. O teatro desta época vai tomar dúas direccións, unha de carácter tradicional e costumista, e outra renovadora, defendida polo “Conservatorio Nazonal da Arte Galega” que, fundado en 1919 polas mesmas Irmandades, pasará a se denominar, a partir de 1922, Escola Dramática Galega. Nesta liña renovadora cabe citar dúas obras, *A man da santiña* (Ramón Cabanillas, 1921) e *Alén* (Xaime Quintanilla). De 1926 é a peza *O Mariscal*, de Vilar Ponte e Cabanillas, baseada na figura do Mariscal Pardo de Cela, presentándoo como un líder heroico dunha loita contra o poder dos Reis Católicos.

Uns anos antes, en 1922, Otero Pedrayo publica *A lagarada*, que trata dos temas preferidos e recorrentes da narrativa deste autor, a desaparición da fidalguía rural, a aparición do mundo urbano, a deturpación das tradicións, etc.

Vicente Risco publica en 1926 *O bufón d’El Rei*, drama de carácter trágico, ambientado na Idade Media, con estilo modernista.

Xa na posguerra, Castelao estreará, en 1941, *Os vellos non deben de namorarse*, obra desligada cronoloxicamente, máis que no seu tema, no seu estilo, pertence de cheo ao teatro da época que nos ocupa.

Os autores máis renovadores tamén van cultivar o teatro cunha actitude moi próxima aos poetas no enfrontamento cos temas e tendencias do teatro anterior, de carácter costumista e social-patriótico ou histórico.

Acaso a obra máis significativa destes autores sexa *A fiestra valdeira* (1927) de Rafael Dieste, lida ese mesmo ano con ocasión do ingreso do autor como membro numerario no Seminario de Estudos Galegos, e foi

representada por vez primeira na propia vila natal de Dieste, Rianxo, en 1935.

É unha peza que presenta un problema de identidade individual e social, formalmente innovadora no tratamento dos temas populares tratados cunha estética estilizada que fuxía de camiños tradicionais.

Outro xénero que destaca neste tempo é o ensaio, retomando unha preocupación por recuperar e interpretar o pasado, mostrándose como un proxecto de coñecelo e interpretalo, así como por presentar propostas aos novos tempos. Deste xeito, as liñas dominantes serán: teorización do nacionalismo, reformulando o celtismo decimonónico como atlantismo; interese pola investigación da prehistoria; estudo da etnografía e do folclore; os estudos xeográficos, centrados na percepción da paisaxe como valor cultural e histórico; a interpretación da cultura europea; e o ensaio de carácter artístico. Acaso deberíamos destacar as figuras sobranceiras de Otero Pedrayo (unha obra tan importante como *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, 1933, pensada para un público non galego, tardou en ver unha edición galega); e Vicente Risco (*Os europeus en Abrantes*, 1927; *Dedalus en Compostela*, 1927; *Mitteleuropa*, 1934). E deberíamos destacar traballos de tipo multidisciplinar como *Terra de Melide*, elaborado polo Seminario de Estudos Galegos como primeira entrega dun proxecto que non chegou a realizarse debido á guerra civil.